

Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa Corporación Laber, laboratorio y consultoría, S.L. para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas

Santiago, 22 de xullo de dous mil dezaseis

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación desta consellería e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

E doutra don _____, administrador de Corporación Laber, laboratorio y consultoría, S.L. como administrador único desta, segundo consta no poder outorgado ante o notario don _____, con data 5 de setembro de 2007 e número de protocolo 946.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

1º. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 39 que a formación profesional no sistema educativo ten por finalidade preparar o alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que se poden producir ao longo da súa vida, contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática, e permitir a súa progresión no sistema educativo e no sistema de formación profesional para o emprego, así como a aprendizaxe ao longo da vida.

2º. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 42 bis que a formación profesional dual do sistema educativo español é o conxunto de accións e iniciativas formativas que, en corresponsabilidade coas empresas, teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, harmonizando os procesos de ensino e aprendizaxe entre os centros educativos e os centros de traballo.

3º. Que a Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, especifica nos artigos 6 e 11.3 que a colaboración das empresas no desenvolvemento do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional se desenvolverá, entre outros ámbitos, mediante a súa participación na formación do alumnado nos centros de traballo, favorecendo a realización de prácticas profesionais dos alumnos e das alumnas nas empresas e noutras entidades, e deberán establecerse os mecanismos axeitados para que a formación que reciba financiamento público poida ofrecerse por centros ou directamente polas empresas, mediante concertos, convenios, subvencións ou outros procedementos.

4º. Que a disposición adicional segunda do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, determina que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresariais e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes. Esta colaboración ten como finalidade, entre outras, a posibilidade de impartir módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional nas instalacións das empresas, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais, así como a actualización profesional. Esta colaboración formalizarase mediante convenio.

5º. Que o Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, pretende crear as bases para a implantación progresiva da formación profesional dual en España, entendida como o conxunto de accións e iniciativas formativas que teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, combinando os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro de formación,

propiciando unha participación máis activa da empresa no propio proceso formativo do alumnado e, daquela, permitir que estas coñezan de xeito máis próximo a formación que reciben, cada vez máis adaptada ás demandas dos sectores produtivos e ás necesidades específicas das empresas. Neste sentido, a empresa e o centro de formación profesional estreitan os seus vínculos, unen esforzos e favorecen unha maior inserción do alumnado no mundo laboral durante o período de formación.

Así mesmo, establece que terán a consideración de formación profesional dual os proxectos desenvolvidos no ámbito do sistema educativo, coa coparticipación dos centros educativos e das empresas, cando non medie un contrato para a formación e a aprendizaxe. Estes proxectos formalizaranse a través dun convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa colaboradora.

6º. Que a empresa Corporación Laber, laboratorio y consultoría, S.L. está disposta a participar no proxecto de implantación da formación profesional dual en Galicia, acolléndose á modalidade regulada no artigo 3.1, alínea b), do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, na que as empresas facilitan aos centros de formación os espazos, as instalacións ou as persoas expertas para impartir total ou parcialmente determinados módulos profesionais ou módulos formativos.

O alumnado participante será beneficiario de bolsas, non terá en ningún caso vinculación laboral coa empresa e non poderá establecerse entre esta e aquel ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación e a aprendizaxe, previsto no artigo 11 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, polo que o alumnado acollido a este réxime de bolsas queda absolutamente excluído da lexislación laboral.

7º. Que o obxecto do presente convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa Corporación Laber, laboratorio y consultoría, S.L. para a implantación dun proxecto experimental de formación profesional dual na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta formación profesional dual combinará os procesos de ensino e aprendizaxe nas instalacións da empresa e no centro educativo CIFP Politécnico de Santiago.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este convenio, con base nas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Este proxecto de formación profesional dual, que é de carácter experimental, ten as seguintes características:

- a. Este proxecto toma como referencia un currículo oficial implantado na Comunidade Autónoma de Galicia, neste caso concreto o establecido no Decreto 221/2008, do 25 de setembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Laboratorio de Análise e Control de Calidade; modificado polo Decreto 38/2010, do 18 de marzo, polo que se modifican os decretos 216/2008, 218/2008, 222/2008 e 224/2008, do 25 de setembro, polos que se establecen os currículos dos ciclos formativos de grao medio correspondentes aos títulos de técnico en emerxencias sanitarias, técnico en cociña e gastronomía, técnico en mecanizado, e técnico en panadaría, repostaría e confeitaría, e os decretos 221/2008 e 226/2008, do 25 de setembro, polos que se establecen os currículos dos ciclos formativos de grao superior correspondentes aos títulos de técnico superior en educación infantil, e técnico superior en laboratorio de análise e de control de calidade. .
- b. Terá como duración desde outubro de 2016 ata o 15 de setembro de 2019.
- c. A formación impartirase de xeito compartido entre o centro educativo e a empresa asinante, garantindo a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos no currículo do ciclo formativo de Laboratorio de Análise e Control de Calidade e a obtención do título correspondente.
- d. Ademais, atendendo ás características da empresa, o primeiro ano de vixencia deste proxecto dedicárase un 10 % do tempo de estadía do alumnado na empresa á formación complementaria á establecida no currículo do ciclo formativo correspondente, para reforzar a formación do alumnado e mellorar a súa empregabilidade. No segundo ano, esta porcentaxe será do 5 %.

Segunda. As concrecións deste proxecto experimental de formación profesional dual para o ciclo formativo de Laboratorio de Análise e Control de Calidade (distribución da formación curricular do

ciclo formativo, temporalización dos módulos profesionais) están recollidas no anexo deste convenio.

Terceira. A empresa Corporación Laber, laboratorio y consultoría, S.L. comprométese a acoller nas súas instalacións un mínimo de 12 alumnos e alumnas para este proxecto experimental de formación profesional dual. Este alumnado deberá cumprir os requisitos de admisión establecidos na orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que autorice este proxecto experimental de formación profesional dual.

A empresa Corporación Laber, laboratorio y consultoría, S.L. colaborará coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na selección do alumnado solicitante que cumpra os requisitos de admisión. Para tal fin, poderán realizarse entrevistas psicoprofesionais e probas de coñecementos que permitan identificar a idoneidade dos/das candidatos/as en relación co perfil profesional que adquirirá o alumnado na empresa ao longo do proxecto. A empresa comunicará ao alumnado os criterios e os procedementos utilizados na selección con anterioridade á súa realización.

Estas actuacións serán realizadas por persoal da empresa xunto cunha persoa representante do centro educativo, de xeito que a selección garanta cubrir o número mínimo de prazas que a empresa se compromete a acoller nas súas instalacións.

Cuarta. A empresa Corporación Laber, laboratorio y consultoría, S.L. comprométese a financiar o proxecto de formación regulado neste convenio, mediante o establecemento dun sistema de bolsas dirixido ao alumnado participante.

Este réxime de bolsas estará suxeito ás seguintes especificidades:

- a. A empresa Corporación Laber, laboratorio y consultoría, S.L. achegará a cada alumno ou alumna do proxecto, en períodos mensuais con carácter irrevogable, unha bolsa por un importe que non poderá ser inferior á parte proporcional, en función do tempo de actividade profesionalizadora que realice o alumnado durante a súa estadía na empresa, do salario mínimo interprofesional, publicado para cada ano de duración do proxecto.
- b. Os alumnos e as alumnas participantes no proxecto de formación obxecto deste convenio serán incorporados ao réxime xeral da Seguridade Social. A conseguinte afiliación e/ou alta, así como a baixa no devandito réxime, produciranse a partir da data de inicio e na de cesamento do programa de formación, nos termos, nos prazos e cos efectos establecidos no

regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro.

- c. Para a efectividade do réxime de bolsas, a empresa colaboradora e as persoas bolsseiras deberán cumprir sempre os requisitos establecidos na normativa que regula os proxectos de formación profesional dual e neste convenio.

Quinta. No primeiro curso deste proxecto, durante o primeiro trimestre, o alumnado só adquirirá formación no centro educativo no horario lectivo que este estableza. A partir do mes de xaneiro, o proxecto desenvolverase nos ámbitos de centro educativo e de empresa de xeito simultáneo.

O segundo e o terceiro curso deste proxecto desenvolveranse nos ámbitos de centro educativo e de empresa de xeito simultáneo.

O alumnado adquirirá formación no centro educativo no horario lectivo que se estableza.

A actividade formativa e profesionalizadora na empresa deberá desenvolverse dentro do marco temporal do horario laboral desta.

Sexta. O alumnado deste proxecto disporá dun mínimo de trinta días naturais de vacacións en cada un dos cursos de duración do proxecto.

Sétima. Consonte o artigo 30.5 do Real decreto 1592/2012, do 8 de novembro, a actividade formativa na empresa e no centro educativo coordinarase mediante reunións mensuais de control nas que se fará seguimento do alumnado.

A empresa Corporación Laber, laboratorio y consultoría, S.L. nomeará unha persoa como titor ou titora do alumno ou da alumna, que será responsable do seguimento da actividade formativa, da coordinación da actividade profesionalizadora coa actividade formativa e da comunicación co centro de formación.

Así mesmo, o centro formativo designará un profesor ou profesora, ou formador ou formadora, como titor ou titora responsable da programación e do seguimento da formación, así como da coordinación da avaliación co profesorado e/ou os titores e as titoras que interveñen. Ademais, esta persoa será a interlocutora coa empresa para o desenvolvemento do proxecto.

Oitava. Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando o considere oportuno calquera das partes asinantes. Esta comisión estará constituída polos seguintes membros:

En representación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:

- A persoa titular da subdirección xeral de formación profesional ou persoa en quen delegue.
- A persoa titular da dirección do CIFP Politécnico de Santiago.
- O profesor titor ou a profesora titora do centro educativo.

Dúas persoas representantes da empresa Corporación Laber, laboratorio y consultoría, S.L.

Un funcionario ou unha funcionaria da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria actuará como secretario ou secretaria.

Novena. O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do proxecto.

Décima. Este convenio extinguirase pola finalización do tempo convido e poderase resolver por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas, que se lle deberá comunicar á outra cunha antelación mínima de quince días, baseada nalgunha das seguintes causas:

- a. Cesamento das actividades do centro docente ou da empresa.
- b. Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- c. Incumprimento das cláusulas establecidas neste convenio.
- d. Mutuo acordo entre o centro docente e a empresa.

Décimo primeira. A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo segunda. Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto no artigo 4.1 e 2 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de

contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que xurdiren na súa aplicación e non puideren ser solucionadas no seo da comisión de seguimento serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a citada lei orgánica, nin o alumnado nin a empresa que por razón das actividades formativas teñan acceso a datos de carácter persoal disporán destes con finalidade distinta á exixida polas accións formativas.

Lido este convenio, atópano conforme e asínano no lugar e na data indicados.

**O conselleiro de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria**

**O representante da empresa Corporación
Laber, laboratorio y consultoría, S.L.**

Asdo.: Román Rodríguez González

Asdo.:



1. ANEXO

1.1 Distribución da formación curricular do ciclo formativo

Duración do proxecto			Curso 16-17	Curso 17-18	Curso 18-19	FCT + Proxecto
Formación curricular	Centro educativo	Formación centro educativo (FCE) (57 %)	416	403	329	-
	Empresa	Formación en empresa (FEM) (43 %)	277	90	75	410
Total			2000 h			

FCT: formación en centros de traballo.

1.2 Temporalización dos módulos profesionais

1.2.1 Curso 2016-2017

1.2.1.1 Planificación

Curso 2016 - 2017												
Set.	Out.	Nov.	Dec.	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Maio	Xuño	Xullo	Ago.	Set.
Formación no centro educativo				Actividade profesionalizadora / formación na empresa								

1.2.1.2 Organización dos módulos profesionais

Código módulo	Nome módulo	Horas totais módulo	FCE	FEM
MP0065	Mostraxe e preparación da mostra	213	128	85
MP0066	Análises químicas	320	192	128
MP0070	Ensaio microbiolóxicos	160	96	64
TOTAL		693	416	277



1.2.2 Curso 2017-2018

1.2.2.1 Planificación

Curso 2017 - 2018												
Set.	Out.	Nov.	Dec.	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Maio	Xuño	Xullo	Ago.	Set.
Formación no centro educativo												
Actividade profesionalizadora / formación na empresa												

1.2.2.2 Organización dos módulos profesionais

Código módulo	Nome módulo	Horas totais módulo	FCE	FEM
MP0069	Ensaio físico-químicos	160	160	0
MP0074	Formación e orientación laboral	107	107	0
MP0067	Análise instrumental	226	136	90
TOTAL		493	403	90

1.2.3 Curso 2018-2019

1.2.3.1 Planificación

Curso 2017 - 2018												
Set.	Out.	Nov.	Dec.	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Maio	Xuño	Xullo	Ago.	Set.
Formación no centro educativo												
Actividade profesionalizadora / formación na empresa												

1.2.3.2 Organización dos módulos profesionais

Código módulo	Nome módulo	Horas totais módulo	FCE	FEM
MP0068	Ensaio físico	123	123	0
MP0071	Ensaio biotecnolóxicos	105	75	30
MP0072	Calidade e seguridade no laboratorio	123	78	45
MP0075	Empresa e iniciativa emprendedora	53	53	0
TOTAL		404	329	75



1.3 Adquisición, por parte do alumnado, de cualificacións e unidades de competencia

Cualificacións profesionais completas

<p>▪ Ensaio microbiolóxicos e biotecnolóxicos QUI020_3 (Real decreto 295/2004, do 20 de febreiro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:</p>
<p>– UC0052_3: Organizar e xestionar a actividade do laboratorio aplicando os procedementos e as normas específicas.</p>
<p>– UC0053_3: Organizar o plan de mostraxe e realizar a toma de mostras.</p>
<p>– UC0054_3: Realizar ensaios microbiolóxicos e informar dos resultados.</p>
<p>– UC0055_3: Realizar ensaios biotecnolóxicos e informar dos resultados.</p>
<p>▪ Ensaio físicos e fisicoquímicos QUI021_3 (Real decreto 295/2004, do 20 de febreiro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:</p>
<p>– UC0052_3: Organizar e xestionar a actividade do laboratorio aplicando os procedementos e as normas específicas.</p>
<p>– UC0053_3: Organizar o plan de mostraxe e realizar a toma de mostras.</p>
<p>– UC0056_3: Realizar os ensaios físicos, avaliar os resultados e informar deles.</p>
<p>– UC0057_3: Realizar os ensaios fisicoquímicos, avaliar os resultados e informar deles.</p>
<p>▪ Análise química QUI117_3 (Real decreto 1087/2005, do 16 de setembro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:</p>
<p>– UC0052_3: Organizar e xestionar a actividade do laboratorio aplicando os procedementos e as normas específicas.</p>
<p>– UC0053_3: Organizar o plan de mostraxe e realizar a toma de mostras.</p>
<p>– UC0342_3: Aplicar técnicas instrumentais para a análise química, avaliar os resultados e informar deles.</p>
<p>– UC0341_3: Realizar análises por métodos químicos, avaliar os resultados e informar deles.</p>